

Un mundo de palíndromos para xogar coas palabras e as imaxes

Pere Tobaruela e Víctor Boullón preséntannos unha proposta nova para xogar coas palabras e voar coas imaxes: un álbum ilustrado composto todo el de palíndromos, esas palabras que igual se len ao dereito que ao revés.

TEXTO CONTRACAPA

Xoga coas palabras.

Voa coas imaxes.

Descobre o mundo dos palíndromos..

CLAVES PARA A LECTURA

Sabes o que son os palíndromos? Palíndromo vén do grego *palin* e *dromos*: volver e ir para atrás. Son, pois, esas palabras que se poden ler igualmente de esquerda a dereita ou ao revés.

Este increíble conto está feito todo el de palíndromos. Pero non só os textos. As imaxes tamén convidan a buscar ese mundo de simetrías, ese xogo de espellos...

Así nolo contan os seus autores:

«Palíndromo, do grego *palin* e *dromos*: volver e ir para atrás. Ou dito doutra maneira: xogar coas palabras. Pois a Víctor e a Pere non só nos gusta xogar coas palabras, tamén xogamos coas imaxes. Pasámolo ben así e agardamos que as lectoras e lectores que vos mergulledes neste conto de *SoñoS* tamén o pasedes de marabilla. Levamos uns anos facendo proxectos xuntos, pero nunca fixemos un libro coma este, no que deixamos voar a nosa imaxinación ata límites insospitados. Máis nada, xoguemos, soñemos!».



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

Pere Tobaruela naceu en Barcelona en 1965 e vive dende hai anos en Rois (A Coruña). É por isto que alterna a escrita en catalán e en galego. Con máis de corenta títulos publicados, transita por diversos xéneros literarios: libro ilustrado, banda deseñada, ensaio, biografía, conto, novela... Dentro da súa produción novelística atopamos obras infantís e xuvenís e tamén para o público adulto.

Víctor Boullón naceu en Compostela en 1979. Estudou na Escola de Arte Antonio Falde de Ourense. Ten feito traballos de deseño, carteis, portadas de libros e ilustracións para publicidade. É autor de *Aleida*, *cidade sen alma*.



ISBN 978-84-18567-02-5 Pp: 28. Formato:
22,5 x 21,5 cm Cartonado. Impreso en Papel
Amigo dos Bosques. Cosido a fío. PVP: 14 €



EDITORA
alvarellós

verdemar@alvarellós.info
981522137 - 609908852